

## 6.º Lingua Galega e Literatura / Unidade 7: Poesía

### Actividade 1

**Enunciado: Para que se usa a diérese? Escribe un exemplo para cada uso.**

Coa letra **u** para indicar que se pronuncia esta vogal nas sílabas **güe, güi** fronte a **gue, gui** (*bilingüe*). Coa letra **i** na primeira e segunda persoas do plural do copretérito de indicativo dos verbos rematados en **-aer, -oer, aír, -oír e -uír** para diferenciar estas formas do presente de subxuntivo e indicar que este **i** forma sílaba de por si en contraposición ao ditongo que forma no presente de subxuntivo (*saíamos*).

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece perfectamente as regras de uso da diérese	Coñece, con bastante exactitude, as regras de uso da diérese	Coñece, de xeito deficiente, as regras de uso da diérese	Non coñece as regras de uso da diérese

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece e aplica as regras de uso da diérese.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 2

**Enunciado: Coloca a diérese nas palabras que o precisen.**

- A protección dos **pingüíns** axuda a que o seu número non **mingüe**.
- O teu traballo de **lingüística** presenta moitas **ambigüidades**.
- Por que **traíades** as **lingüetas** dos zapatos cortadas?
- Cando **saíamos** vimos caer o guindastre á rúa.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Aplica perfectamente as regras de uso da diérese	Aplica con bastante éxito as regras de uso da diérese	Aplica, de cando en vez, as regras de uso da diérese	Non aplica as regras de uso da diérese

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece e aplica as regras de uso da diérese.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

### Actividade 3

**Enunciado:** Completa a táboa con cinco patronímicos e coa palabra da que proceden.

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Diferencia con total exactitude patronímicos e xentilicios	Diferencia con bastante exactitude patronímicos e xentilicios	Diferencia, de cando en vez, patronímicos e xentilicios	Non diferencia os patronímicos dos xentilicios

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Diferencia a orixe dos xentilicios e os patronímicos e clasifícaos.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

#### Actividade 4

**Enunciado: Escribe os xentilicios correspondentes a estes lugares.**

Lugo **lucense, lugués/a**

Chantada **chantadino/a**

Lalín **lalinense**

Moaña **moañés/esa**

Monforte **monfortino/a**

Celanova **celanovés/esa**

Tui **tudense**

Fisterra **fisterrán/á**

Ferrol **ferrolán/á**

Ourense **ourensán/á**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Sempre enuncia con corrección o xentilicio dos lugares indicados	Comete menos tres ou menos erros á hora de enunciar os xentilicios dos lugares indicados	Comete entre catro e sete erros á hora de enunciar os xentilicios dos lugares indicados	Comete máis de sete erros á hora de enunciar os xentilicios dos lugares indicados

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Diferencia a orixe dos xentilicios e os patronímicos e clasifícaos.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

## Actividade 5

**Enunciado:** Marca os suxeitos destas oracións e rodea os seus **núcleos**.

- Cada domingo, os veciños fan festa.
- Pedro e a súa nai agardan por ti fóra.
- Deixoume un recado a túa irmá.
- Rematei o caderno. (Eu)

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Sempre identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes correctamente.	De xeito habitual, identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes correctamente.	Algunha vez, identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes de xeito correcto.	Non identifica o suxeito nin analiza os seus compoñentes correctamente.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes.

Le un texto de forma fluída.

### **Competencias clave**

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 6

**Enunciado:** Indica a clase de suxeito que ten cada unha das oracións.

- O mestre quería falar comigo. **Suxeito expreso**
- Agardei por ti toda a tarde. **Suxeito elíptico**
- Na silveira, un pardal fixo un niño. **Suxeito expreso**
- Atoparon o can. **Suxeito elíptico**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica sempre, de xeito correcto, a clase de suxeito que ten unha oración.	Identifica case sempre, de xeito correcto, a clase de suxeito que ten unha oración.	Cústalle identificar correctamente a clase de suxeito que ten unha oración.	Non identifica, de xeito correcto, a clase de suxeito que ten unha oración.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Obtén información dun texto.

Coñece as distintas clases de suxeito que se poden dar nas oracións.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 7

**Enunciado: Escribe unha oración con cada estrutura do suxeito solicitada.**

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Analiza perfectamente os compoñentes do suxeito.	Analiza, con bastante exactitude, os compoñentes do suxeito.	Ten dificultades á hora de analizar os compoñentes do suxeito.	Non é quen de analizar os compoñentes dos suxeito.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes.

### **Competencias clave**

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 8

### Enunciado: Que é unha fábula?

Unha fábula é unha narración de feitos maravillosos que adoita encerrar unha aprendizaxe.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Enumera correctamente as características da fábula.	Enumera con bastante corrección as características da fábula.	Ten dificultades á hora de enumerar as características da fábula.	Non é quen de enumerar as características da fábula.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica fábulas e coñece as súas características.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en conciencia e expresións culturais



## Actividade 9

**Enunciado:** Escribe catro consellos para recitar unha poesía de forma axeitada.

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Presenta con total acerto os puntos relevantes á hora de recitar unha poesía.	Presenta con bastante acerto os puntos relevantes á hora de recitar unha poesía.	Presenta con tantos acertos como erros os puntos relevantes á hora de recitar unha poesía.	Non presenta ningún punto relevante á hora de recitar unha poesía.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Recita poesías.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencias sociais e cívicas

## Actividade 10

### Enunciado: Completa.

Os textos poéticos están formados por **versos** a linguaxe poética ten en conta o **ritmo** e a **rima**. Estes textos acostuman ser **reflexivos** e a súa temática é **diversa**. Algunhas delas son: **intimista (cando se expresan os sentimentos de quen escribe)**, **socials rima reflexivos (cando se critican as inxustizas que sofre a xente)**, **costumistas (cando se reflicten costumes, paisaxes)**, **históricos (cando recrean algún acontecemento)**...

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Completa correctamente textos con contidos referentes á poesía.	Completa cun erro textos con contidos referentes á poesía.	Completa con tantos acertos como erros, textos con contidos referentes á poesía.	Non é quen de completar con corrección textos con contidos referentes á poesía.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Le un texto de forma fluída.

Coñece as características dos textos poéticos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais.

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 11

**Enunciado: Completa a táboa coas palabras do texto con estas características.**

Todos os sábados pola tarde quedamos no parque de Méndez Núñez, ese coñecido mariño pontevedrés da antigüidade que pronunciou a famosa frase: «Máis vale barcos sen honra que honra sen barcos». Alí pasamos a tarde enteira. Somos unha panda de cinco amigos. Pasamos toda a tarde xogando. Á hora da merenda, semellamos mortos de fame. Os cinco rapaces do grupo comemos a merenda nun segundo. Ao rematar, todos imos á Xadería Porriñesa. O establecemento está á entrada da praza. Carme, a dona, é amiga nosa. Alí, os amigos mercamos un enorme xeadó de chocolate. O sábado é o noso día favorito.

<b>Xentilicios</b>	pontevedrés, Porriñesa
<b>Patronímicos</b>	Méndez, Núñez

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Localiza nun texto todos os xentilicios e patronímicos que aparecen nel e clasifícaos.	Comete un erro á hora de localizar e clasificar os xentilicios e patronímicos que aparecen nun texto	Comete tantos erros como acertos á hora de localizar e clasificar os xentilicios e patronímicos que aparecen nun texto.	Non localiza nin clasifica os xentilicios que aparecen nun texto.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Le un texto de forma fluída.

Obtén información dun texto.

Diferencia a orixe dos xentilicios e patronímicos e clasifícaos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 12

**Enunciado: Como se forman os xentilicios? Escribe un exemplo de cada.**

Para formar xentilicios usamos sufixos. Os máis comúns son: -ano/-ana (venezolano, venezolana); -án/-á (castelán, castelá); -es/-esa (portugués, portuguesa); -ino/-ina (monfortino, monfortina); -eño/-eña (madrileño, madrileña); -ense (lalinense); -í (paquistaní).

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Escribe textos correctos na forma e no contido, con exemplos que sirvan para apoiar as súas afirmacións.	Escribe textos bastante correctos na forma e no contido, con exemplos que sirvan para apoiar as súas afirmacións.	Escribe textos con bastantes deficiencias na forma e no contido, así como á hora de propoñer exemplos que sirvan para apoiar as súas afirmacións.	Escribe textos incorrectos na forma e no contido, e sen exemplos que sirvan para apoiar as súas afirmacións.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Diferencia a orixe dos xentilicios e patronímicos e clasifícaos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

### Actividade 13

**Enunciado: Escribe a palabra do texto con diérese e explica o porqué do seu uso.**

Antigüidade. Coa letra u para indicar que se pronuncia esta vogal nas sílabas güe, güi fronte a gue, gui (antigüidades, bilingüe).

- Que outros usos ten a diérese? Escribe un exemplo.

Coa letra i na primeira e segunda persoas do plural do copretérito de indicativo dos verbos rematados en -aer, -oer, aír, -oír e -uír para diferenciar estas formas do presente de subxuntivo e indicar que este i forma sílaba de por si en contraposición ao ditongo que forma no presente de subxuntivo (saíamos).

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Coñece e aplica perfectamente as regras de uso da diérese.	Coñece e aplica con bastante éxito as regras de uso da diérese.	Coñece e aplica con dificultade as regras de uso da diérese.	Non coñece nin aplica as regras de uso da diérese.

#### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Obtén información dun texto.

Coñece e aplica as regras de uso da diérese.

#### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 14

**Enunciado:** Escribe catro oracións do texto con suxeito elíptico e indica cal é.

Resposta libre.

- Que outro suxeito se pode dar nas oracións?

Suxeito expreso.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica con total acerto os diferentes tipos de suxeitos que se dan nas oracións dun texto.	Identifica con bastante acerto os diferentes tipos de suxeitos que se dan nas oracións dun texto.	Cústalle identificar con acerto os diferentes tipos de suxeitos que se dan nas oracións dun texto.	Non consegue identificar con acerto os diferentes tipos de suxeitos que se dan nas oracións dun texto.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Obtén información dun texto.

Identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes.

Cóñece as distintas clases de suxeito que se poden dar nas oracións.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

## Actividade 15

**Enunciado: Sinala os suxeitos destas oracións e rodea os seus núcleos.**

- O **establecemento** está na praza.
- **Carme**, a dona é amiga nosa.
- Ao rematar, **todos** imos á xadería.
- O **sábado** é o noso día favorito.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Sempre identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes correctamente	Case sempre identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes correctamente	Algunha vez identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes correctamente	Nunca identifica o suxeito nin analiza os seus compoñentes correctamente

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia tecnoloxía

## Actividade 16

### Enunciado: Analiza os suxeitos das oracións.

- Os cinco rapaces do grupo comemos a merenda nun segundo.

Os (determinante); cinco (mod.); rapaces (núcleo); do grupo (c. prep.).

- Alí, os amigos mercamos un enorme xeadó de chocolate.

Os (determinante); amigos (núcleo).

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Identifica os compoñentes do suxeito sen ningún erro.	Identifica os compoñentes do suxeito con menos de tres erros.	Identifica os compoñentes do suxeito con tantos acertos como erros.	Identifica os compoñentes do suxeito con máis erros que acertos.

### Estándar de aprendizaxe avaliable

Identifica o suxeito e analiza os seus compoñentes.

### Competencias clave

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia para aprender a aprender



## Actividade 17.

**Enunciado: Escribe a diérese onde corresponda.**

- Naqueles tempos non **posuíamos** máis que **ungüentos** para curarnos.
- Mercou unha enagua con encaixes e uns zapatos sen **lingüeta**.
- Cando **saíamos**, vimos un rato ao lado do paraugueiro.
- A mestra pediunos que traíamos un dicionario **bilingüe**.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Aplica perfectamente as regras de uso da diérese	Aplica con bastante éxito as regras de uso da diérese	Aplica, de cando en vez, as regras de uso da diérese	Non aplica as regras de uso da diérese

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece e aplica as regras de uso da diérese.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia para aprender a aprender

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

## Actividade 18

**Enunciado:** Se o texto fose unha poesía, que deberías ter en conta á hora de recitalo?

Resposta libre.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Presenta con total acerto os puntos relevantes á hora de recitar unha poesía	Presenta con bastante acerto os puntos relevantes á hora de recitar unha poesía	Cústalle presentar con acerto os puntos relevantes á hora de recitar unha poesía	Non presenta con acerto os puntos relevantes á hora de recitar unha poesía

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Recita poesías.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencias sociais e cívicas

Competencia en conciencia e expresións culturais

## Actividade 19

**Enunciado: Podería ser o texto anterior un fragmento dunha fábula? Por que?**

**Non, porque non relata feitos maravillosos nin ten carácter educativo.**

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Expón argumentos a favor ou en contra de que un texto forme parte dunha fábula de xeito razoado.	Expón argumentos a favor ou en contra de que un texto forme parte dunha fábula con bastante claridade.	Cústalle expor argumentos que defendan ou contradigan que un texto forme parte dunha fábula.	Non é quen de expor argumentos que defendan ou contradigan que un texto forme parte dunha fábula.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Identifica fábulas e coñece as súas características.

Le un texto de forma fluída.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia no sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Competencia en conciencia e expresións culturais

## Actividade 20

**Enunciado:** Escribe as diferenzas que se dan entre o texto anterior e un texto poético.

Non está escrito en verso, non ten en conta o ritmo e a rima.

<b>Rúbrica</b>			
<b>Excelente</b>	<b>Satisfactorio</b>	<b>Elemental</b>	<b>Inadecuado</b>
Enuncia correctamente as características que diferencian un texto poético dun narrativo.	Enuncia con bastante corrección as características que diferencian un texto poético dun narrativo.	Ten dificultades á hora de enunciar correctamente as características que diferencian un texto poético dun narrativo.	Non é quen de enunciar correctamente as características que diferencian un texto poético dun narrativo.

### **Estándar de aprendizaxe avaliable**

Coñece as características dos textos poéticos e créalos.

### **Competencias clave**

Competencia en comunicación lingüística

Competencia en conciencia e expresións culturais

Competencia para aprender a aprender